

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 7/08/2017, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 2º.- Mocions de grupos políticos.
- 3º.- Resolucions ditadas pola Alcaldía para o seu coñecemento.
- 4º.- Rogos e preguntas.

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:15 horas, do día 7/08/2017, reúnense no salón de sesións da casa do concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

Sometida a votación a do día 5 de Xuño de 2017 acórdase por unanimidade dos asistentes deixala sobre a mesa para o próximo pleno ante a imposibilidade de tela examinada.-

- 2º.- Mocions de grupos políticos.

A) MOCION DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE RECOTE DE FONDOS NA SUBVENCION DO AGADER DE CAMIÑOS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi creada como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento.

No marco destas funcións, desenvolvidas no Decreto 79/2001, de 6 de abril, polo que se aproba o seu Regulamento, correspóndelle a Agader a xestión dos recursos destinados á dinamización das áreas rurais de Galicia.

Unha das liñas de subvencións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural son as destinadas a ampliar, acondicionar e conservar a rede de camiños de titularidade municipal de tódolos concellos de Galicia, co obxecto de mellorar a calidade de vida da poboación rural, que en anos anteriores, referíanse estritamente a camiños rurais ou de acceso a explotacións agrarias.

A evolución desta axuda directa ao Concello de Fisterra inclúese no seguinte cadro:

ANO	IMPORTE DA AXUDA
2.014	2.568.500
2.015	2.887.100
2.016	4.280.600
2.017	1.856.850
2.018	1.856.850

Dos propios datos obsérvase un incremento progresivo das axudas, ata chegar ao seu máximo no ano electoral de 2016, cunha baixada do 56% da axuda do ano 2017 respecto á concedida no ano inmediatamente anterior.

Ao tratarse da única axuda procedente da Xunta de concesión directa para os Concellos, o seu recorte leva a pensar que unha vez máis, a administración autonómica moverase por criterios partidistas, ao incentivar os convenios de subvencións nominativas, á diferenza da progresión doutras institucións, como a Deputación da Coruña, cunha redución notable das mesmas.

Esta tendencia xa coñecida dos gobernos populares de aumentar as contías de subvencións cara ás nominativas pode ser unha das razóns que expliquen que nos Orzamentos da Xunta para o ano 2017 a cifra incluída na partida de transferencias de capital a Concellos sexa de 12 millóns de euros, cando o incluído na convocatoria de 18 de maio de concesión directa, son 8 millóns.

A diferenza nos orzamentos - 2017 de 4 millóns de euros en transferencias aos Concellos que non se van incluír nesta liña de concesión directa destaca, aínda

máis, se a comparamos coa partida existente no ano 2016, de 20 millóns de euros, cando as axudas de concesión directa foron da mesma cantidade.

Ante este recorte dunha axuda fundamental, entendemos que a Corporación Municipal de Fisterra debe levantar a voz ante un novo maltrato ao rural da Xunta de Galicia, lembrando que na última campaña electoral e na súa investidura, Alberto Núñez Feijoo dixo que esta ía ser a lexislatura do rural.

Os datos das partidas dos orzamentos da Xunta para a fixación de poboación no medio rural amosan a falsidade destas afirmacións.

EXPLICACION DO GASTO	2.014	2.015	2.016	2.017
Transferencias de capital a concellos	14.741.492	16.576.620	2.008.750	12.380.026
Transferencias a empresas privadas	1.255.600	14.831.144	4.677.145	13.237.713
Transferencias a familias	494.000	183.858	0	0
Transferencias a institucións sen fin de lucro	5.685.205	5.415.687	2.782.886	6.649.898
Gasto total en fixación de poboación no medio rural	38.328.439	41.663.655	32.344.504	36.246.933

Ante estes datos e consideracións, propoñemos o seguinte **ACORDO** :

1.- AMOSAR o rexeitamento da corporación municipal ante o escandaloso e inxustificable recorte das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

2. INSTAR á Xunta de Galicia a recuperar, como mínimo, as contías incluídas nos seus Orzamentos para o ano 2016, na partida de transferencias de capital aos concellos no programa de fixación de poboación no medio rural.

3. INSTAR á Xunta de Galicia a reducir as contías consignadas ás subvencións nominativas así como ás de concorrencia competitiva por estrito orde de chegada, aumentando as subvencións directas con importes prefixados, tanto nesta liña de axuda como no resto da existente, co fin de axudar ao correcto funcionamento dos servizos públicos, mediante un axeitado financiamento dos mesmos.

4. TRASLADAR este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Seguidamente o Pleno da Corporación por sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e Catro Abstencións dos grupo popular, acorda aceptala en todo o seu contido.

B) MOCIÓN GRUPO POPULAR PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL DE FISTERRA PARALICE A DECISION DE CORTAR A RÚA REAL E ELABORE UN PLAN DE HUMANIZACION CONSENSUADO COS VECIÑOS E COMERCIANTES.-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“ O Goberno Municipal de Fisterra decidiu, ás poucas semanas de tomar posesión, cortar a rúa Real ao tráfico rodado tras unha serie de declaracións sobre como se ía executar o corte, sen que conste a este Grupo municipal que se tivera aprobado ningunha Ordenanza nin Plan de Mobilidade que garanta a eficiencia de dita decisión.

A Rúa Real foi ata os anos 50 a vía principal e única de acceso rodado da nosa vila, tanto é así que compartía ambos nomes “Calle Real” e “calle Principal” na documentación oficial desde 1710 polo menos. Foi a construción do porto a que posibilitou a creación dos novos accesos, polo recheo parcial das praias de Calafigueira e a Ribeira, conectando pola beira do mar coa entón chamada rúa de Sanjurjo. O outro acceso, a Alcalde Fernández, ten a mesma orixe: a circunvalación da vila para acceder ao porto polo curso do río da Mixirica (pouco despois enlazou este ramal coa rúa Sanjurjo, pechando o circuíto de rúas que se mantén ata hoxe).

Fisterra é unha vila configurada en escaleira cara ao mar, e os tres accesos atópanse en diferentes niveis con decenas de metros de desnivel, que nalgúns casos se salva con rúas en costa e noutros con escaleira (incluso con varias dúcias de escaleiras como ocorre na conexión do porto coa rúa Real)

Ao mesmo tempo, o feito de que a nosa estrutura viaria se desenvolva en torno ao casco histórico non facilita a existencia de zonas no estacionamento de vehículos agás na zona do porto en terreos gañados ao mar.

E certo que desde sempre o centro comercial foi o casco histórico en torno á rúa Real. Non fai falta ter moitos anos para recordar que case todos os baixos en torno a esta rúa tiñan algún negocio, por pequeno que fora, sen embargo parte do comercio, practicamente hostalaría na súa totalidade foi mudando cara a zona portuaria nunha evolución idéntica á que ocorreu noutras moitas vilas mariñeiras, e a esta realidade non foi allea Fisterra.

Todos estes condicionantes son moi complicados de equilibrar á hora de tomar determinacións de mobilidade, pois a superficie non é cha ou de pouca pendente, máis ben todo o contrario, a este Grupo Municipal sempre foi consciente diso, polo que non se poden adoitar medidas imitando a outros lugares cando hai especialidades importantísimas a ter en conta. De non ser así os cascos vellos morren e un comercio que pecha ou unha familia que o

abandona non son nada fáciles de substituír, facendo cada vez máis difícil a supervivencia destes espazos.

No Pleno de outubro de 2015, tan só unhas semanas despois da colocación dunha valla e un folio cun horario de acceso á rúa, o Grupo Popular xa advertiu da problemática de non establecer un plan de mobilidade e andar bailando cos horarios, o que xeraba unha tremenda incerteza entre os veciños e os posibles clientes que fuxían a outras vilas onde sabían seguro que ían poder pasar ata o establecemento comercial, estacionar o tempo necesario, e que non ían ser multados. Lamentablemente o tempo deunos a razón e o goberno no fixo nada por corrixir esta situación.

As mesmas advertencias sobre a inseguridade dos horarios foron feitas polos concelleiros deste Grupo nos plenos seguintes, indicándonos que se trataba de probas para o seu axuste. Ata febreiro de 2016 onde se nos indica por escrito, e na prensa, que tales probas de horario tiñan rematado.

Un ano despois de facer novos ensaios (pois polo visto as probas xa tiñan rematado en 2016), pasouse á fase de experimentos, consistentes en outorgar licenzas de ocupación de vías e espazos públicos por parte da Xunta de Goberno Local, e ao mesmo tempo ata 60 autorización de acceso outorgadas por un suposto Departamento de Mobilidade, sen que nos conste que exista ningún informe da Policía Local nin dos Sevizos Sociais que os avalen. Calquera veciño con sentido común, e nesta vila somos moitos, entendería que se outorgase uns pases ou autorizacións de acceso de xeito puntual ou excepcional, pero outorgar 60 sen unha ordenanza ou regulamento podería ser un caso de nepotismo con graves consecuencias patrimoniais para o noso Concello en caso de accidente.

Vistas as probas, os ensaios, e os experimentos, foi este Grupo o que ven pleno tras pleno advertindo dos riscos e as consecuencias para os nosos veciños, comerciantes e mesmo o Concello, ata que os mesmos comerciantes, os veciños e os propietarios de baixos susceptibles de teren un uso comercial, manifestaron de xeito moi maioritario a súa desaprobación á decisión municipal de cortar a rúa Real cunha valla e un papel, que retira ou pon ao seu capricho o goberno municipal en horarios tan absurdos como abril a ás 6.00 da madrugada ou pechala coincidindo en parte co horario do mercado (disto xa se advertiu e fixéronnos caso) quedando os vehículos embotellados sen posibilidades de recuar.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Fisterra propón a esta Corporación os seguintes **ACORDOS**:

1º.- Paralizar o corte do acceso rodado pola Rúa Real mentres non se elabore un Plan de Mobilidade, que inclúa:

A) Un regulamento de horarios e criterios de acceso de vehículos autorizables.

B) Un estudo económico-financeiro da repercusión do Plan para a revitalización da rúa Real;

C) A delimitación das superficies de espazo público susceptibles de seren ocupadas para evitar conflitos entre veciños, locais existentes e novas ocupacións.

D) Que contemple unha mellora na sinalética da rúa e dos seus accesos; desde os estacionamentos que se habiliten que deben ser próximos e accesibles.

E) Que teña en conta toda as especificidades de Fisterra e que non sexa unha ocorrencia ou unha copia doutros sitios.

2. Que se consensúe calquera decisión ao respecto cos veciños e comerciantes.

INTERVENCIONS

Manifesta o Sr. Alcalde que:

- Nós xa lles contestamos aos veciños coas razóns que deran lugar ao peche da rúa peonil.

- O peche da rúa faise en verán.

- Remataremos este verán co peche da rúa porque temos que cumprir o noso programa político cos veciños e comerciantes e non é certo que se pechara sen avisar.

- Considero que debemos participar todos en algo que estamos de acordo; pero non se deben marcar as liñas porque ten que selo desde o goberno.

- Necesidade de modificar o título pero paralizar unha decisión non ten sentido dado que unha decisión tómase ou non, si pode facerse un proceso.

- Non é necesario que nos recorde as rúas porque xa as coñecemos, vivimos aquí desde a infancia, ata o momento actual e está claro que teñen un exceso de tráfico.

- Temos a necesidade de desfrutar da rúa e ter servizos.

- Que o Goberno ten ocorrencias non é a forma máis aceptable de dicilo.

- Non é unha ocorrencia. O plan obedece as seguintes razóns:

- Na normativa do Plan Xeral dase un trato diferencial.-

- Dase cumprimento ás normas de vivenda e accesibilidade (garantir zonas peonís) dispoñer de beirarrúas para que se poida discorrer por elas.

- Consultamos a COGAMA para ver o seu parecer e manifestaranos que están a favor disto por tránsito e desfrute con accesibilidade de zonas de uso público.

- Dar cumprimento á Lei de Patrimonio onde se determina que se procurará a trata dos camiños con carácter peonil ; queremos ser un " fin do camiño " con todas as da lei.
- Plan de mobilidade sostible que é un documento moi completo e zonas amplas, sobre isto houbo unha reunión no Concello para estudar
- Non é necesario aplicar unha Ordenanza para esta zona (non está de máis facelo). Vostedes insistiron neste tema e estamos de acordo.
- Detrás deste Plan non hai información, é mellor que o se faga sexa consensuado.
- O que temos claro é de facer o mesmo pero este precedente non vai coa idea do grupo popular, de todas formas podemos chegar a un acordo.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

O corte da rúa, cando rematará?

Sr. Alcalde

- Posiblemente a mediados de setembro ou finais do citado mes sempre tendo en conta ás licenzas outorgadas para terrazas .

Sr. García Pouso de Convergencia Galega

- Isto é máis sinxelo do que aquí se está falando; hai que recoñecer que o tema se fixo mal aínda coñecendo que existe boa intención por parte deste goberno municipal. Sabe, Sr. Alcalde que pode contar comigo pero aquí non se humanizou xa que isto foi poñer unha calzada e punto.

A humanización é unha cousa distinta; a cuestión é que hai un grupo de xente e unha maioría dos comerciantes que se poden equivocar pero hai que escoitalos antes de adoptar estas medidas.

Na súa intervención recoñece a necesidade de saír do atasco, deixemos polo tanto que circulen os coches e se inicien os trámites para a Ordenanza. Debemos falara de moitas cousas, hai unha responsabilidade nosa, hai certa crispación e hai que calmala intentando traballar.

Poño a miña colaboración a súa disposición cos pasos que sexan necesarios, pero facendo caso aos comerciantes e veciños afectados.

Os do grupo popular foron intelixentes e meteron un gol coa Moción, non se lle pode rebatir e hai que recoñecelo, polo que **vou a votar a favor da mesma.**

Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG

Desexaría contestarlle ao Sr. García Pouso dicíndolle que iso de que se puxo a cancela non é certo; debería vostede pasear máis pola rúa para saber como funciona o pobo e falar máis coa xente.

Estou de acordo co exposto polo Alcalde sobre a Ordenanza; eu vivo na zona da rúa peonil e estou sufrindo todas as consecuencias.

Nesa zona antes había terrazas sen ningunha licenza na época do partido popular agora teñen as licenzas oportunas. A Moción non di nada polo que propoñemos que se estableza unha ordenanza reguladora.

Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Cada vez que estamos sentados na Mesa e se me apela a un argumento de que non son fisterrán, didolle Sr. Xan Carlos que eu represento o 14,5% dos fisterráns; para min ser fisterrán non é ter que ser de Fisterra, senon sentirse así, por iso eu decidín selo e presentarme ás eleccións.

Ser fisterrán implica respectar aos seus veciños, vostede acaba de dicir que vive na praza e polo que vexo non mostra respecto polos comerciantes que teñen que chegar a fin de mes a conta do seu negocio.

Por todo isto, o “non ser de Fisterra” non me vale como argumento.

Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG

Mediante a utilización destes argumentos paréceme que está vostede actuando con demagogia.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Dicir que se levante a valla se nón é agora, que sexa pola Xunqueira.

Sr. Alcalde

Non pode ser, dado que hai autorizacións dadas para terrazas durante a temporada de verán e considero que hai que respetalas.

Seguidamente **ao non chegar a ningún acordo sobre modificación do contido da Moción, este mantense polo que sometida a votación, o Pleno da Corporación por Cinco votos a favor (4 grupo popular e 1 Convergencia Galega) e Seis votos en contra (4 PSdG e 2 BNG) acorda rexéitala.-**

3º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía para o seu coñecemento.

Dada conta das seguintes :

- Prórroga de contrato a María Trillo Dominguez durante o período 1 de agosto ao 30 de setembro como Auxiliar de Axuda no Fogar.
- Contratación como Auxiliar de Axuda no Fogar de Pamela Caamaño Carril ante a substitución de M^a Dolores Martínez Pérez durante o período 2 ao 13 de agosto.
- Concesión de vacacións a Juan Carlos Lagoa López durante o período 1 de agosto ao 5 de setembro de 2017.
- Concesión de vacacións a favor de M^a José Traba Traba durante o período 20 de xullo ao 16 de agosto, 1 ao 7 de setembro (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións a favor de Juan Carlos Carril Pérez durante o período 31 de xullo ao 18 de agosto de 2017 (ambos incluídos).
- Anulación Parcial das Vacacións de María José Traba Traba de datas 1 ao 7 de setembro, mantendo como período vacacional os días 20 de xullo ao 16 de agosto de 2017.
- Concesión de días por hospitalización de familiar en favor de Milagros Canosa Santamaría durante os días 20, 21, 24 de xullo de 2017.
- Xeración de créditos para pagos a provedores por importe de 78.834,57 €.
- Modificación de vacacións de Silvia M^a Sar Insua durante o período 26 ao 30 de xullo, 7 ao 25 de agosto, 11 ao 15 de setembro. Así mesmo se lle conceden os días 20 ao 24 de xullo por hospitalización de familiar en primeiro grao.
- Vacacións a favor de José Manuel Marcote Senlle durante o período 27 de xullo ao 31 de agosto (ambos incluídos).
- Vacacións a favor de M^a Dolores Martínez Pérez durante o período 15 ao 31 de decembro (ambos incluídos).
- Contratación a Pamela Caamaño Carril durante o período 10 ao 28 de xullo ante a substitución de M^a Lourdes Domínguez Lago.
- Días de asuntos particulares en favor de Miguel Angel Oliveira Traba os días 12, 13 e 14 de xullo de 2017.
- Vacacións a favor de Teresa Dourado Martínez durante o período 17 de agosto ao 1 de setembro de 2017.
- Vacacións a favor de Violeta Traba Castreje durante o período 14 ao 23 de agosto, 11 ao 20 de setembro (ambos incluídos).
- Vacacións a favor de M^a Dolores Martínez Pérez durante os días 2 ao 13 de agosto (ambos incluídos):

- Vacacións a favor de Montserrat Outes Velay durante o período 31 de xullo ao 16 de agosto, ambos incluídos.
- Cambio material de taxi por parte de Manuel Vieites López.
- Contratación de Pamela Caamaño Carril ante a substitución da traballadora Cristina Escarís Quintáns durante o período comprendido entre o 3 ao 7 de xullo de 2017.
- Vacacións en favor de Cristina Escarís Quintáns durante o período 3 ao 7 de xullo, 24 de agosto ao 6 de setembro (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de M^a Lourdes Domínguez Lago durante o período 10 ao 28 de setembro 8 ambos incluídos).
- Contratación de peóns de praia durante o período comprendido entre o día **1 de xullo ao 30 de setembro de 2017 en favor de:**

Amado Sánchez, Clara M ^a
Canosa Lires, Manuel A.
Casais Trillo, Carlos
Crespo Marcote, Juan A.
Díaz Olveira, Moisés
Domínguez Vázquez, Fabio
Nemiña Antelo, Carmen M ^a
Nemiña Canosa, Eva
Papín Rivas, José S.
Riveiro López, Sonia
Valbuena Gutiérrez, María
Silva Brasil, M ^a Betania

- Contratación de socorristas de praia en favor de:

ALVEZ ALVEZ CUELLO, GEORGE M
INSUA DIAZ, RUBEN
SILVA DOMINGUEZ, CAYETANO
PAIS MILLAS, PAULO

- Concesión de vacacións en favor de Carmen Fábregas Lorenzo durante o período 23 de xuño ao 24 de xullo de 2017 ambos incluídos.
- Concesión de vacacións en favor de Noelia Castreje Canosa durante o período 10 de xullo ao 7 de agosto de 2017 (ambos incluídos).
- Contratación de Cristina Escarís Quintáns ante a baixa definitiva de M^a Buensuceso Lago González por incapacidade permantente.

- Contratación a favor de Pamela Caamaño Carril ante a substitución de Violeta Traba Castreje por vacacións durante o período 22 ao 28 de xuño de 2017.
- Vacacións a favor de Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre os días 22 ao 28 de xuño, 31 de xullo ao 7 de agosto, 17 ao 23 de agosto.
- Vacacións en favor de Silvia Sar Insua durante o período comprendido entre os días 21 ao 28 de xullo, 7 ao 27 de agosto, 11 ao 13 de setembro.
- Lista definitiva de admitidos para as prazas de técnicos de información turística subvencionadas pola Axencia de Turismo.

MANUEL CASAIS OUTES
MARIA SELENE TRILLO DIAZ
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ
ISMAEL SANTAMARIA GARCIA
ROSARIO CASTELO TOBA
YOLANDA CAMBEIRO LAGO
IRIA GARCIA SAR
MELISA ESTEBAN GOÑEZ
BREIXO MARTINS RODAL
MARCOS MONTEAGUDO FARIÑAS

- Lista definitiva de Admitidos para as prazas de técnico de información turística subvencionadas pola Deputación Provincial.

MANUEL CASAIS OUTES
MARIA SELENE TRILLO DIAZ
ROSARIO CASTELO TOBA
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ
ISMAEL SANTAMARIA GARCIA
IRIA GARCIA SAR
MARIA VANESA CASAIS TRILLO
MELISA ESTEBAN GOÑEZ
YOLANDA CAMBEIRO LAGO
ANTIA ROCHA CORREA
MARIA JESUS FERNANDEZ GARRIDO
CARLOS SANTOS BANA
BREIXO MARTINS RODAL
FERNANDO CARBALLAL LOPEZ VENTURA
VANESA PENA BRANTUAS
MARCOS MONTEAGUDO FARIÑA

- Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.

- Contratación de María Rodríguez Fernández como Técnico de Información turística durante o período comprendido entre o 13 de xuño ao 12 de outubro de 2017.
- Contratación de Rosario Castelo Toba como técnico de turismo durante o período 13 de xuño ao 12 de outubro de 2017.
- Concesión de vacacións en favor de Milagros Canosa Santamaría durante o período comprendido entre o 26 de xullo ao 25 de agosto de 2017.
- Solicitud xeral a nome de Juan Antonio Resua Piñeiro na que expón que ten contratado un servizo pirotécnico para o domingo 18 de xuño con motivo da celebración das festas de Corpus.

O Pleno dáse por enterado

4º.- Rogos e preguntas

Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega

- **Existe feita algunha xestión sobre o retiro dos restos do buque Casón?**

Alcalde

Falamos coa Asesoría Xurídica para tratar de ter unha copia do expediente de adxudicación á empresa que ten que proceder a retirada dos restos.

- **Asistiu a unha reunión coa Directora Xeral de Turismo sobre o Xacobeo?**

Si, participei na explicación dun plan de sinalización do Camiño.

- **Perxudica a Fisterra ?**

Non, por tratarse dunha recuperación dos camiños que pasan polo Termo Municipal .

- **Rogo que se trate de dar unha solución as deficiencias existentes na sinal do retrovisor que afecta as localidades de Sixto e Padrís.**

Estamos con iso, o problema parecen ser que son os pinos, dado que ao estaren máis altos que o repetido impiden que a sinal chegue.

Estamos en contacto coas familias dos propietarios das fincas para cortar os pinos que están nunha zona de concentración parcelaria.

Estamos mirando un novo emprazamento para o repetidor porque o propietario pódenos dicir en calquer momento que o retiremos da súa finca actual e o problema incrementárase.

- Como é que o Concello pon dúas persoas para a prestación do servizo no Castelo de San Carlos dentro do Museo de Pesca cando existe unha persoa actualmente contratada para dita finalidade ?

O inmovible do Castelo está actualmente cedido ao Concello, ao ser noso podemos destinar dentro do mesmo a dous técnicos para dar Información Turística que non ten nada que ver co servizo contratado.-.

- O Albergue de peregrinos abre ás 13.00 horas o que impón unha espera para os peregrinos, seguirá sendo así ?

Retrasouse o horario por estar en situación de Baixa por enfermidade a actual empregada que se encarga do mesmo.-

- Decidiuse abrir o Faro?

Xa sabe como está este tema.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Formula as seguintes Preguntas :

- A canto ascenderon para o Concello de Fisterra os gastos das xornadas Fisterra Blues Experience?

- Que ocorreu para reubicar os badéns que estaban diante do Colexio Mar de Fóra?

- Hai moitas queixas da zona rural de que estamos en agosto e boa parte das vías rurais seguen sen desbrozar. Que ocorre ?

- Estase a facer algunha xestión co distrito V ou respecto das reforestacións de masa forestal nas zonas de concentración parcelaria que non teñen xa uso agrícola ou nunca o tiveron ?

- Xa contactaron cos familiares do alcalde Cipriano Fernández e xa teñen o plan para a súa posible exhumación ?

- A empresa Consultora Galega segue a traballar na elaboración do PEPRI?

O Sr. Alcalde manifesta que serán contestadas na próxima sesión.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 22:18 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**